

## Reflexión Sobre O Que Cremos Ter Aprendido Das Mulleres

Para nós, os homes, as mulleres, son moito máis ca un pedazo de carne ou un robot de cociña, e agora diredes que si que hai homes que cren iso, pero para mi iso non son homes, son galiñas, e remarco o significado de galiñas que se aproveitan da súa posición fronte ás mulleres e tratan de impoñerse ante elas mediante a única arte que dominan que é a arte marcial.

Deixando atrás estes indesexables que non fan máis que dana-la nosa imaxe como homes, eu penso que nin o home é mellor cá muller nin ó revés, é dicir, somos distintos nalgúnsas cousas pero iso é o bonito da convivencia.

Eu penso que entre homes e mulleres existe un lazo de dependencia mutua e áinda que recoñezo que, ás veces, nós comportámonos como porcos e elas a pesar diso séguennos aturando, elas, pola parte que lles toca tamén che son bastante caralludas.

De todo o que creo saber sobre as mulleres, o máis importante é que se queres que elas se volvan tolas por ti, tes que semellar vulnerable, ser gracioso, ter moita labia e, sobre todo, o gran segredo é ir de víctima e de bonachón; se fas isto ben, antes de darte conta, terala comendo da túa man, é dicir, que pasan os días e vaste facendo cada vez más e más amigo dela. E aquí chega o momento decisivo posto que se plantexa unha encrucillada de camiños, se non intentas pasar a algo máis, ela pode pensar dúas cousas, ou que eres gai ou que só a queres como unha amiga, e aí si que a *jodiches*, xa que no momento en que ela te trate como un gran amigo e che conte tódolos seus segredos é o teu fin, xa que lle será moi complicado pensar que ti queres algo máis con ella e non te verá xamais, como protagonista das súas fantasías sexuais (unhas fantasías que áinda que son más abundantes entre os homes, non son como algúns pensan, inexistentes entre as mulleres).

Pero se no momento oportuno lle deixas claro un par de cousas, sobre os intereses creados que tes con ela, a susodita rapaza terá dúas opcións: o 99'9% das veces, dirache que es un pailán e que pases dela, co cal perderás unha amiga e gañarás unha mala influencia entre o resto das rapazas, por iso che



pido que entendas que o atreverte a dar este gran paso pode acarrear consecuencias tráxicas para a túa vida, pero agora chega o bo, xa que no 0'1% das veces, elas acceden a compartir contigo os momentos de ocio e entraredes nunha dinámica de corazón latendo a cen por hora, peiteado, perfumado e duchado tres veces ó día e un sinfín máis de reaccións que resultaran atípicas para a túa nai; unha porque rematarás co butano constantemente e outra porque estaba acostumada a que te lavaras só os 29 de febreiro de cada ano.

Pero tranquilos todos aqueles que lle teñades algún tipo de fobia á auga quente con xabón, xa que esta situación soamente durará unhas semanas, como moito un par de meses se a cativa en cuestión é realmente tan boa persoa como imaxinabas. Pasado este tempo perderase a paixón do principio, pero non completamente xa que de cando en vez rememoraredes vellos tempos.

Os poucos que cheguen a este punto clímax da vida de calquera persoa, pensarán de seguro que mereceu a pena pasar todo ese calvario para poder estar agora coa muller que queres, porque ¿hai algo más bonito que amor entre dúas persoas?

**-NOTA FINAL:** Calquera parecido coa realidade non é pura coincidencia.

**-NOTA FINAL 2:** Tende en conta que isto é soamente o que creo saber sobre a muller, que é algo insignificante na cabeza dunha delas, xa que na maioría dos casos non se entenden nin elas mesmas.

José Fachal Fraguella 1ºA

